

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2019, aprobou o Sistema Marco de Garantía de Calidade da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), nos termos da documentación adxunta.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

O sistema de garantía de calidade dos estudos de Doutoramento elaborouse de acordo aos seguintes criterios:

- 1.- Incorporar o sistema no cadro xeral do Sistema de Garantía de Calidade da USC, de forma que este amplíe o seu alcance aos estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento mantendo a súa estrutura que diferencia Procesos Institucionais e Procesos de Centro.
- 2.- Adaptouse o formato de Manual de Centro do sistema marco para a/s Escola/s de Doutramento.
- 3.- No Manual de procesos de Centro, mantendo os xerais establecidos para Facultades e Escolas Técnicas Superiores, e ademáis das adaptacións na denominación de órganos e marco normativo, modifícanse aqueles que se deben adaptar ás peculiaridades da/s Escola/s de Doutoramento, que son os seguintes:

PC-03 Análise do perfil de ingreso e captación .....  
Coa finalidade de incorporar no proceso de admisión a determinación da necesidade de cursar complementos de formación.

PC-04 Planificación das ensinanzas .....  
Coa finalidade de limitala ao proceso de elaboración e proposta da oferta de actividades formativas, non aplicando os instrumentos de planificación establecidos para grao e máster.

PC-05 Apoio a estudantes .....  
Deixando aberta a opción a desenvolver calquera tipo de acción de apoio.

PC-05 Desenvolvemento das ensinanzas .....  
Este é o proceso máis relevante, en cando a cambios respecto ao equivalente para graos e máster, ao recoller as especificidades dos estudos de doturamento. A súa estruturación concrétase nos seguintes elementos:

- a) Plan de investigación/Actividades Formativas
- b) Elaboración e defensa de Tese

PS-01 Xestión dos recursos humanos .....  
Adaptándoo ás características de asignación de PDI aos programas e o impacto que a modificación desa asignación ten nos procesos de deseño da oferta ou de análise e mellora dos resultados dos programas dada a implicación desta cuestión na memoria do título.

4.- Os indicadores e informes do sistema mantéñense á espera dunha reconsideración dos mesmos que se quere coordinar coas Universidades de A Coruña e Vigo co obxecto de facilitar a xestión de programas interuniversitarios.

5.- No Sistema deixase aberta a posibilidade de establecer un ciclo específico de seguimento/acreditación que, tamén coordinado coas outras universidades do SUG e coa ACSUG, permita diminuír e simplificar os requirimentos actualmente esixidos.

O proceso de elaboración foi o seguinte:

- Proposta da Area de Calidade e Mellora de Procedementos
- Contraste coa dirección e administración do CIEDUS e adaptación á normativa en curso para simplificar a estrutura de xestión dos estudos de doutoramento na USC.
- Contraste do documento final cos directores das actuais Escolas de Doutoramento.
- Revisión final por parte da ACMP de cara a someter o Sistema a aprobación da Comisión de Calidade.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019